

The background of the slide features a row of classical Greek columns, likely from the Parthenon, with a warm, golden light filtering through the scene, creating a sense of depth and historical grandeur.

8. A civilización grega

Para comezar

- Cal foi a primeira colonia grega na nosa península?
- Sabes para que se empregou un gran cabalo de madeira?
- Quen foi Alexandre Magno? Por que a súa morte segue a ser tan misteriosa?
- Cal foi o centro do saber da Antigüidade? Que causou a súa destrución?

A base do noso coñecemento

A antiga Grecia é unha parte fundamental do noso pasado. Sen a achega dos seus coñecementos, non seríamos o que agora somos. Os gregos foron os primeiros en intentar dar resposta a unha serie de cuestións transcendentais: que é o mundo? Cal é o papel do home? Así xurdiu a filosofía e se adquiriu unha visión antropocéntrica, na que o home é a medida de todas as cousas.

Pero, sen dúbida, o legado grego máis importante é a democracia.

Ao longo desta unidade, vas aprender como se forxou este sistema político; grazas a el, todos podemos formar parte do goberno do noso país.

O noso proxecto



O proxecto

Continuamos co proxecto deste último trimestre arredor dos xogos. Tócovos preparar agora preguntas sobre a civilización grega, teoría contida nesta unidade, e sobre películas nas que as civilizacións mesopotámica, grega e romana foron protagonistas.

Pasos para seguir nesta unidade:

1. Traballar cos grupos anteriores.
2. Elaborar 20 preguntas, coas súas respectivas respostas, sobre a civilización grega; estas deben abranguer todos os temas tratados na unidade.
3. Preparar 20 cuestións sobre películas que trataron a historia da civilización mesopotámica, exipcia, grega e romana.
4. Facer unha caixa para gardar as fichas coas preguntas.
5. Construír o noso propio dado.

As orixes da civilización grega

O espazo físico

As orixes da civilización grega sitúanse ao sur da península dos Balcáns; máis concretamente, na **península do Peloponeso**, un territorio localizado na parte máis oriental do mar Mediterráneo. Desde aquí, os seus habitantes axiña se estenderían polas illas dos mares Exeo e Xónico, as costas de Asia Menor e o Mediterráneo occidental. Todo este territorio recibiría o nome de Hélade.

A Grecia peninsular ten un medio físico moi diverso, que foi o gran condicionante do seu desenvolvemento. Está formada por unha serie de vales illados por montañas, o que provocou que a poboación grega nunca chegara a unificarse nun único estado senón todo o contrario. Os gregos vivían en pequenos estados independentes asentados no seu respectivo val. Aínda así, existía un sentimento de pertenza a Grecia e tiñan unha serie de características en común: mesma lingua, mesmos deuses, etc.



O territorio grego e as súas principais cidades.

A historia de Grecia

A historia de Grecia divídese en tres grandes períodos:

- A **época arcaica**: entre os séculos VIII e VI a. C. Neste período os gregos asentaron as polis e colonizaron as costas do mar Mediterráneo.
- A **época clásica**: desde o século V a. C. ata a primeira metade do século IV a. C. Foi a etapa de maior esplendor de Grecia. Nela destacaron as polis de Atenas e de Esparta.
- A **época helenística**: desde mediados do século IV ata o século I a. C. Durante este período apareceu unha das figuras máis relevantes da historia: Alexandre Magno. Do seu magno imperio xurdiron os reinos helenísticos que, co paso do tempo, serían sometidos polos romanos.

Pero antes de que se deran estas tres etapas, a civilización grega tivo un longo proceso de formación.

Durante a Idade dos Metais, viviron na península Balcánica varios pobos que se uniron e deron lugar ás **civilizacións prehelénicas**: a cretense e a micénica.

- A **civilización cretense ou minoica** desenvolveuse na illa de Creta durante o III milenio a. C. Era unha civilización marítima, que sustentaba a súa economía no comercio entre Oriente e Occidente; polo tanto, o seu dominio eran as illas do Exeo. Esta prosperidade provocou que os seus reis construíran grandes obras arquitectónicas coma o palacio de Cnossos, obra do rei Minos.



Palacio de Cnossos (2000 a. C.), o máis importante dos palacios minoicos en Creta.

- A **civilización micénica** desenvolveuse entre os anos 1600 e 1200 a .C. Foi fundada polos aqueos, pobos procedentes do norte que dominarían a Grecia continental. Crearon enormes cidades amuralladas coma Micenas, Tirinto e Argos. A súa era unha sociedade de guerreiros. Inicialmente, a súa economía sustentábase na agricultura e na gandería pero, co paso do tempo, orientouse ao comercio ata chegar a arrebatarlles a primacía nesta actividade aos cretenses.



Porta dos Leóns (XVIII a. C.) Foi a principal porta de entrada a Micenas.

- **Época escura.** Chamada así pola escasa información que dispoñemos desta etapa prehelénica. Deuse no territorio grego sobre o 1200 a. C. e estivo protagonizada polos dorios, uns pobos procedentes do norte que someteron o resto dos habitantes da península do Peloponeso. Desde este momento ata o século VIII a. C., produciuse unha etapa de decadencia social e económica, que comezou a mellorar durante a época arcaica.



Sabías que...?

Homero relata a Guerra de Troia na súa obra *A Ilíada*, un dos mitos gregos máis importantes.

Segundo este autor, foi un conflito bélico que aconteceu entre os séculos XIII e XII a. C. e no que se enfrontaron os troianos e os aqueos.

Foi unha expedición de castigo por parte dos aqueos, que acusaban o príncipe Paris de Troia do rapto de Helena, a filla do rei de Esparta. Os gañadores foron os aqueos que, grazas a un cabalo co que agasallaron os troianos, conseguiron introducir un exército na cidade.

Actividades

1. Elabora un eixe cronolóxico no que recollas as etapas principais da civilización grega, desde as súas orixes ata a súa decadencia.
2. Relaciona as seguintes rexións, cidades e mares.



Macedonia

—

Xonia

—

Ática

—

Peloponeso

—

Mar Exeo

—

Esparta

—

Mar Xónico

—

Cnossos

—

Mar Mediterráneo

—

Micenas

—

Atenas

—

Olimpia

—

3. Onde está situada Grecia?

- ☐ No Mediterráneo occidental.
- ☐ Na península Balcánica.
- ☐ Nas costas de Asia Menor.

4. As civilizacións prehelénicas foron...

- ☐ ... os minoicos e micénicos.

☐ ... os minoicos, atenienses e espartanos.

☐ ... os minoicos, micénicos e dorios.

5. O palacio de Cnossos foi construído...

☐ ... polos minoicos.

☐ ... polos micénicos.

☐ ... polos dorios.

6. Había un sentimento de pertenza a Grecia porque...

☐ ... dependían dun mesmo centro político.

☐ ... compartían a mesma lingua, costumes e relixión.

7. A civilización cretense sustentaba a súa economía...

☐ ... na agricultura e na gandería.

☐ ... no comercio.

☐ ... na artesanía.

A época arcaica (séc. VIII e VI a C.)

Denominamos época arcaica o período da historia de Grecia comprendido entre o século VIII e o VI a. C. Caracterizouse por presentar unha organización propia sustentada nas cidades Estado, que eran independentes e contaban cunhas leis, cuns gobernos e cuns exércitos propios. Estas cidades recibían o nome de **polis**.

As polis estaban formadas por unha cidade principal, rodeada de campos e de aldeas. Malia as súas diferenzas, as polis compartían relixión, cultura, lingua e mesmo unha estrutura urbana semellante, que dividían en dous espazos:

- A **ágora**: unha praza central de grandes dimensións, onde se desenvolvía a vida comercial e política das polis.
- A **acrópole**: situada na zona elevada da cidade, era un lugar de refuxio, onde tamén se construían os templos.

As polis máis importantes foron Atenas, Esparta, Corinto e Tebas.



A ágora en primeiro plano, coa acrópole ao fondo, en Atenas.

Da oligarquía á democracia

Nas primeiras polis o goberno estaba formado por un grupo reducido de aristócratas, persoas con grandes propiedades ou pertencentes á elite guerreira. Tratábase dun goberno **oligárquico**. O resto dos cidadáns podían reunirse en asemblea, pero simplemente opinaban, non posuían capacidade de decisión ningunha. O mellor exemplo deste tipo de goberno deuse en Esparta.

Os aristócratas adoitaban oprimir os máis febles, esixíndolles impostos elevadísimos. No caso de non poder pagalos, eran condenados á escravitude. Esta situación fixo que se deran importantes revoltas sociais.

Na segunda metade do século VI a. C., producíronse nalgúns polis cambios favorables para o pobo. As principais reformas foron realizadas por Solón e Clístenes, dous persoeiros que fixeron posible a abolición da escravitude por débedas, a protección pola lei e a introdución do dereito a que os cidadáns participasen no goberno.

Todos estes cambios permitiron a aparición dun novo sistema de goberno: a **democracia**, no que o poder era exercido polos cidadáns, reunidos periodicamente en

assembleas. O exemplo máis representativo deste tipo de goberno deuse na polis de Atenas.

A colonización grega: abrindo portas ao mundo



Entre os séculos VIII e VI a. C., moitos gregos decidiron emigrar porque a situación de crise era insostible. A poboación medrara moito e a terra, pola súa escasa fertilidade, non podía producir alimentos para todos. A isto había que sumarlle que estaba repartida de maneira desigual; é dicir, as oligarquías posuían case por completo mentres que o groso da poboación sufría fame continua. Ademais, moitas persoas, ao non poder pagar os seus impostos, estaban condenadas á escravitude por lei.

Toda esta situación provocou que bastantes campesiños abandonaran o seu lugar de nacemento cara a novas terras, na procura de condicións de vida mellores. Pero non só foron persoas pobres as que poboaron os novos territorios, moitos comerciantes tamén decidiron probar sorte expandindo os seus negocios.

Comeza así a expansión grega, que se produciu en dúas ondas:

- **Cara a Occidente**, entre o séculos VIII e VII a. C. Neste momento, os gregos asentáronse nas illas e costas do mar Xónico, Sicilia, Italia e no extremo

occidental do Mediterráneo. Na península Ibérica destaca a fundación de Rhode, Emporion, Hemeroskopeion e Mainake. Eran colonias que funcionaban como enclaves comerciais entre os pobos indíxenas (tartesos e iberos), que posuían grandes cantidades de ouro, prata, cobre e estaño. Nas relacións comerciais, os gregos proporcionáronlles aos indíxenas o coñecemento de avances coma a escritura, o torno, a moeda ou os novos cultivos, coma a vide e a oliveira.

- **Cara a Oriente**, tras o século VII a. C. Nesta área fundaron as colonias do Mar Negro.

Os novos territorios nos que se asentaron os gregos, as colonias, compartían características semellantes: tratábanse de lugares próximos á costa, con terras fértiles e auga en abundancia.

As consecuencias das colonizacións foron claras: maiores beneficios económicos, un enriquecemento cultural mutuo e a creación dunha organización social nova.




Sabías que...?

Moitas das familias gregas asentadas na colonia francesa de Massalia, levadas pola falta de recursos e mesmo de espazo físico, decidiron emprender unha nova aventura e así chegaron ao golfo de Rosas, situado na provincia catalá de Xirona, durante o ano 333 a. C. Elixiron como asentamento o lugar de San Pedro de Roda e convertérono nun dos enclaves comerciais máis importantes do mundo antigo.


Os produtos comercializados foron os minerais, a artesanía de cerámica e a cestaría, entre outros. Tan importante foi esta primeira colonia na península Ibérica que incluso chegou a acuñar moeda.

Actividades

1. Pescuda en Internet e indica onde se atopaban as colonias gregas seguintes: Rhode, Emporion, Hemeroskopeion, Mainake, Massalia.




2. Que espazos das cidades actuais se poden comparar coa ágora grega?



3. Observa o [seguinte vídeo](#) e logo responde no teu caderno:

- Para que se empregaba a acrópole?



4. Observa o [seguinte vídeo](#) e logo responde no teu caderno:

- De que época é?

5. Observa o [seguinte vídeo](#) e logo responde no teu caderno:

- Cal era o edificio máis representativo?

6. Relaciona cada concepto coa súa definición.

Polis

Área elevada dunha cidade. Servía de refuxio e, ao mesmo tempo, era o lugar de ubicación dos principais templos.

Colonia

Cidades Estado independentes, con leis, gobernos e exércitos propios.

Ágora

Acrópole

Territorio sometido ao dominio doutro, do que obtén algún tipo de beneficio.

Gran praza central na que se desenvolvían as principais actividades económicas e políticas.

A época clásica (séc. V e IV a C.)

A época clásica en Grecia abrangue desde o século V a. C. ata a primeira metade do IV a. C. Ten dúas protagonistas indiscutibles: as polis de **Atenas** e de **Esparta**.

A Atenas democrática: o poder do pobo


Durante esta época e baixo o goberno de Pericles, Atenas converteuse nunha **democracia**. Porén, Pericles defendeu unha democracia un tanto limitada: só os cidadáns podían participar nos asuntos públicos e eran eles os encargados de defender militarmente e manter economicamente o territorio. Non podían participar nin mulleres, nin escravos nin estranxeiros.

A pesar disto a idea de democracia de Pericles era que as decisións dependen, non dunha minoría, senón da maioría, a lei é para todos a mesma e non é a riqueza senón o mérito e a capacidade a que fai que os homes poidan acceder a cargos e honores.

Nun contexto de loita entre as *polis* reflexado nas Guerras do Peloponeso, deu prioridade a Atenas, onde estableceu a capital, sobre o conxunto, o obxectivo político principal era a expansión rexional a costa doutras *polis* dentro do territorio grego.

Así mesmo, promoveu un proceso de renovación cultural e política. Para iso rodeouse

de intelectuais e artistas atenienses que embelezaron a cidade de Atenas e estableceu unha serie de institucións a través das cales os cidadáns participaban nas decisións de goberno:



A asemblea ou ekklesía

A asemblea ou ekklesía estaba formada polos cidadáns varóns maiores de 20 anos. Xuntábanse de maneira periódica para votar as leis, controlar os orzamentos, elixir os gobernantes e decretar a guerra ou a paz.

O Consello ou Bulé

O Consello dos Cincocentos ou Bulé estaba formado por cidadáns elixidos anualmente por sorteo. A súa función era supervisar os maxistrados e facer que se cumprisen as leis.

Os tribunais populares de xustiza ou heliea

Os seus membros eran elixidos anualmente entre os cidadáns e podían chegar a estar compostos dun total de 5000 persoas; 1000 máis quedaban na reserva.

Os **maxistrados** eran os gobernantes das polis. Entre eles destacan os **estrategos**, que se encargaban de todo o referente ao exército, e os **arcontes**, que

presidían os tribunais e os ritos relixiosos, entre outras moitas funcións.

A continuación, podemos ver cómo era a democracia grega en comparación coa nosa:

DIFERENZAS ENTRE A DEMOCRACIA GREGA E A ACTUAL	
DEMOCRACIA ATENIENSE	DEMOCRACIA ACTUAL
É directa: todos os cidadáns participan activamente na vida política da polis.	É representativa: os cidadáns mediante o noso voto eliximos a outras persoas que nos representarán e tomarán as decisións.
As persoas consideradas cidadáns son unha parte minoritaria da poboación, a elite social e económica e sempre de xénero masculino. Quedaban fóra dos dereitos de cidadanía as mulleres, os escravos e os estranxeiros. Por tanto, o pobo soberano non era representativo da totalidade dos habitantes.	Todos e todas somos considerados cidadáns e temos dereito a participar e decidir politicamente a partir da maioría de idade, establecida nos 18 anos. Agás as persoas en prisión e os estranxeiros que non están censados no noso país.
Era unha sociedade escravista.	A liberdade é previa á formación do propio Estado.
Os cidadáns estaban obrigados a participar na vida política.	Os cidadáns son libres de participar ou non na política.
Esta democracia de tipo directo só funciona en localidades pequenas cun número pequeno de habitantes.	Esta democracia representativa pode darse en lugares grandes, cun número importante de habitantes.

DIFERENZAS ENTRE A DEMOCRACIA GREGA E A ACTUAL

Durante este momento non existían ideoloxías e partidos políticos diferenciados.	Existen multiplicidade de ideoloxías e partidos políticos.
As eleccións realizábanse por sorteo. Só os cargos superiores eran electos de xeito anual.	Todos os cargos políticos son electos. As eleccións adoitan ter lugar cada 4 anos.



Sabías que...?

A sorte tamén desempeñou un papel destacado no sistema democrático ateniense.

Na antiga Grecia, o azar era o xeito de elixir as persoas que compoñían os tribunais de xustiza. Para tal labor, empregaban instrumentos coma o **pinakion** e o **kleroterion**.


O pinakion era semellante ao noso documento nacional de identidade. Feito de madeira ou de bronce, tiña un espesor duns 3 ou 4 milímetros, e unha lonxitude duns 14 centímetros.

Pola súa banda, o kleroterion era un obxecto de mármore. No seu interior realizábanse unha serie de buracos para introducir os pinakia, dez series polas que os tribunais atenienses podían obter un máximo de dez seccións, unha por cada tribo.

Pero... como funcionaba todo este sistema?

Os atenienses presentaban a súa candidatura entregando o pinakia. Deste xeito, reuníanse uns 6000 xuíces potenciais que o kleroterion elixía ao azar, sempre nun mesmo número por tribo. Logo, nun segundo sorteo, eran redistribuídos entre os diferentes tribunais.

Este sistema aseguraba a equidade, que ninguén soubese os casos que ía xulgar de antemán.



A oligarquía de Esparta: o poder duns poucos

A organización política de Esparta era peculiar. Os seus cidadáns só se ocupaban das tarefas bélicas mentres que dos traballos cotiáns se encargaban aquelas persoas que capturaban durante as súas intervencións militares.

Tratábase dun sistema **oligárquico** e **diárquico**, o que significa que gobernaban "os mellores". Tiñan á fronte a dous reis, pertencentes a dúas familias distintas, que exercían poderes militares e relixiosos. O resto do goberno estaba composto por:

O Consello de Anciáns ou Xerusía

Estaba formado polos anciáns das familias máis poderosas e tamén polos dous reis. A súa función era propoñer leis e administrar xustiza, incluso aos propios reis.

Os maxistrados ou éforos

Eran os encargados de poñer en funcionamento as decisións da Xerusía, asesorar os reis e manter a orde interna.

A asemblea ou apella

Estaba formada por homes libres maiores de 30 anos. O seu poder era escaso; as súas funcións limitábanse a elixir os éforos e os membros da Xerusía.

A loita polo poder: Atenas contra Esparta

Durante o século V a. C. un pobo de Oriente, os **persas** (tamén chamados medos) arrebatáronlles aos gregos as súas colonias de Asia Menor.

Anos despois, durante o 499 a. C, estas polis rebeláronse e recibiron a axuda do resto das polis gregas capitaneadas por Atenas. Así comezaron as chamadas **Guerras Médicas**:

- A **primeira guerra médica** (494-490 a. C.). Este conflito rematou coa vitoria dos soldados gregos (hoplitas) sobre os persas, na Batalla de Maratón (490 a. C.).
- A **segunda guerra médica** (480-479 a. C.). Tamén venceron os gregos na Batalla de Salamina. Atenas sufriu un importante saqueo logo da invasión do rei persa Xerxes I, no ano 480 a. C.



Ambos os enfrontamentos fixeron que, durante o século V a. C. (tamén chamado **Século de Pericles**), Atenas convertese na polis máis respectada e rica de Grecia. Por iso tivo a capacidade de convocatoria suficiente para organizar ao seu redor a **Liga de Delos** (447 a. C.). Tratábase dunha unión de polis que achegaban cartos para manter un bo exército e unha boa frota para defendérense dos ataques externos.

Esta situación non foi ben vista pola outra gran polis do momento: Esparta. Esta cidade grega tamén aglutinou ao seu redor un número importante de polis, que pretendían arrebatarlle esa supremacía a Atenas.

Comezan así as **Guerras do Peloponeso** (431-404 a. C.). Nesta ocasión, a vencedora sería Esparta. As consecuencias foron a imposición dunha oligarquía en Atenas e a destrución das fortificacións do seu porto e murallas.



Sabías que...?

Os gregos eran educados por e para a loita porque se consideraba algo natural, propio dos trazos do seu pobo. Tanto é así que combatían no exército, obrigatoriamente, desde a adolescencia ata os 60 anos, idade que voluntariamente podían prolongar.

O acceso ao exército non era igualitario. Aínda que todos os membros da sociedade debían pertencer a el, a condición social determinaría o rango ou posto que se ocupaba dentro do mesmo. Deste xeito, os metecos compoñían a infantaría lixeira; os mozos aristócratas, a cabalaría; e os cidadáns máis adiñeirados, que recibían o nome de hoplitas, a infantaría pesada.

Os hoplitas son, quizais, os máis representativos: combatían en formación, todos xuntos, no campo de batalla. A súa indumentaria era moi característica; de feito, recibiron este nome polo escudo que empregaban (hoplon) e portaban na man esquerda; na dereita, levaban unha lanza. Os hoplitas tamén tiñan unha espada que só utilizaban na loita corpo a corpo; por esta razón ían protexidos cunha coiraza no tronco; grebas, nas pernas; e un helmo, na cabeza.



Actividades

1. **Amplía os teus coñecementos.** Os espartanos eran un pobo especializado nas tarefas militares e de loita. Redacta un pequeno texto no que expliques en que consistía a educación espartana. Pódenche axudar as ligazóns seguintes:

- [A educación espartana.](#)
- [O sistema educativo espartano.](#)

2. Relaciona cada concepto político coa cidade correspondente:

Democracia		Pericles	
Tiña dous reis		Heliea	
Consello de anciáns		Oligarquía	
Bulé		Ekklesía	
Asemblea		Maxistrados	

3. Relaciona cada institución ateniense coa función correspondente.

Maxistrados	Cidadáns que se encargaban de supervisar os maxistrados e controlar o cumprimento das leis.
Ekklesía	Eran os gobernantes das polis. Entre eles destacaban os estrategos, os arcontes e os xefes militares.
Bulé	Era unha asemblea de cidadáns que se reunía para votar leis e decidir asuntos de política exterior.
Heliea	Tribunal de xustiza elixido entre os cidadáns.

A época helenística (séc. IV e I a C.)

As Guerras do Peloponeso debilitaron as polis gregas e o **reino de Macedonia** aproveitou a ocasión para sometelas. Tras varias guerras, Filipo II de Macedonia dominou Grecia. O seu sucesor foi o seu fillo, Alexandre Magno.


Alexandre Magno

A primeira das empresas realizadas por Alexandre Magno foi a **conquista do Imperio Persa**. Para conseguir o seu obxectivo, creou un grande exército formado por macedonios e gregos. Tras numerosas batallas, o rei macedonio acadou o seu propósito e someteu Siria, Exipto, Mesopotamia e a India. Lograba crear así o maior imperio da época.



O seu obxectivo principal era a expansión continental, así logrou crear un imperio que formado por todo o territorio coñecido ata entón para os gregos, tendo un elemento de unión, a cultura grega, a cal foi difundida por todo o Mediterráneo Oriental e Oriente Próximo; feito que, en combinación con elementos orientais, recibiu o nome de **helenismo**.

A mestura cultural de gregos, persas, mesopotámicos e exipcios, supuxo o comezo dun período económico e culturalmente brillante que permite definir esta etapa como de fusión étnica, de igualdade entre os homes e de concordia universal. Porén, aínda que respectou a autonomía das *polis*, a diferenza do que instaurara Pericles, o seu sistema político distaba de ser democrático: estamos ante unha mestura do sistema monárquico mecedónico e o despótico dos aqueménidas.



O exército, heteroxéneo e xerarquizado, foi quizais a institución máis importante durante a época. Alexandre gobernaba o seu Imperio axudado por un importante aparello burocrático.

Decidíu conservar a división do territorio en *satrapías* (provincias) seguindo o modelo persa. O goberno destas demarcacións territoriais recaía nos **sátrapas**, homes de confianza greco-macedonios –sobre todo en Asia Menor– e tamén a persas, elixidos por Alexandre Magno. As funcións dos sátrapas seguiron sendo as mesmas que no período aqueménida: administrar e explotar as terras reais (*chora basiliké*) en representación do rei, manter a paz dos poboadores da satrapía, asegurar a recadación de impostos e o levantamento das levas para o exército e administrar xustiza.

Os reinos helenísticos

Alexandre Magno morreu no ano 323 a. C. e o grande imperio que conquistara repartiuse entre os seus xenerais. Deste xeito, formáronse os **reinos helenísticos** de:

- Macedonia e Grecia.
- Asia Menor, Siria, Mesopotamia e o antigo Imperio Persa.
- Exipto.

Debido a esta división e falta de dirección, entre os séculos II e I a. C., serían conquistados e asimilados polo **Imperio Romano**.





Sabías que...?

Tras a morte de Alexandre Magno, a capital do reino de Exipto foi Alexandría. Nesta cidade do norte do país localizábase unha das bibliotecas máis importantes do mundo antigo, que chegou a albergar máis de 900 000 manuscritos. No século IV, un incendio fixo desaparecer este centro do saber.

O 16 de outubro de 2002 foi inaugurada pola UNESCO a nova Biblioteca de Alexandría, que pretende recoller o legado da súa predecesora.

Autoría (B): [RiumaLab](#) / Shutterstock.com




A Biblioteca de Alexandría na Grecia antiga (A) e na actualidade (B)

Actividades

1. **Amplía os coñecementos.** Pescuda cales foron as principais batallas protagonizadas por Alexandre Magno e sitúaaas nun mapa. Logo elixe unha e descríbea brevemente. Podes empregar as ligazóns seguintes:

- [Batallas de Alexandre Magno.](#)
- [Documental *Grandes batallas: Alexandre Magno.*](#)



2. Indica se as afirmacións seguintes son verdadeiras ou falsas.

- a. As guerras do Peloponeso propiciaron a conquista das polis gregas polos macedonios.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

-
- b. Alexandre Magno viviu no século III a. C.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

-
- c. Alexandre Magno conseguiu formar o maior imperio da época.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

-
- d. Alexandre Magno someteu Siria, Exipto, ao Imperio Persa e á península Ibérica.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

-
- e. Tras a morte de Alexandre, o seu imperio dividiuse en cinco reinos gobernados polos seus xenerais.



Verdadeiro



Falso

3. Completa o texto seguinte.

As polis gregas víronse debilitadas polas _____. Esta ocasión foi aproveitada por _____, rei de _____, para conquistalas, unha fazaña que remataría o seu fillo _____ quen acadou o imperio máis grande da súa época. Absorbeu os territorios de _____, Exipto, _____ e a India. O resultado da unión das culturas de Occidente e Oriente coñécese con nome de _____.

Tras a morte de Alexandre, o _____ dividiuse en tres _____. Á fronte de cada un deles estaban os seus xenerais. Esta división supuxo a súa fin.

Finalmente, serían conquistados e asimilados polo _____.

A vida cotiá en Grecia

A sociedade

A sociedade grega dividíase en dous grandes grupos: os cidadáns e os non cidadáns.

- Os **cidadáns** tiñan dereito a voto, a participar na vida política e debían pagar impostos. Só se podía pertencer a este grupo por nacemento.
- Os **non cidadáns** eran aquelas persoas que carecían de dereitos políticos:
 - Os **estranxeiros** eran persoas libres, pagaban impostos e formaban parte do exército pero non podían ter propiedades. Dedicábanse a tarefas artesanais e ao comercio.
 - As **mulleres** carecían de todos os dereitos. Non podían intervir en política, votar ou ter propiedades. Estaban sempre sometidas a un home, xa fose pai, marido ou fillo. A súa función principal era o coidado do fogar e da familia. En Esparta, as mulleres gozaban de máis liberdade.
 - Os **escravos** eran persoas privadas da súa liberdade. Pertencían á familia para a que traballaban. As súas funcións principais eran os traballos domésticos e agrarios. Eran os fillos de escravos, os prisioneiros de guerra e aqueles que non pagaran as débedas contraídas.

A economía

As principais actividades económicas na antiga Grecia eran:

Agricultura e gandaría

A agricultura era a base da economía grega. Cultivaban produtos coma o trigo, a vide e a oliveira, a denominada **triloxía mediterránea**. A estes cultivos uníanse a produción de froitas e hortalizas.

A gandaría era propia das áreas máis montañosas; por esta razón, predominaba a cría de cabras e ovellas fronte á de porcos, vacas e cabalos.

Artesanía

Era unha actividade realizada en obradoiros domésticos; por iso, era unha profesión que pasaba de pais a fillos. Traballaban sobre todo a cerámica, os tecidos, as ferramentas e o armamento.

Comercio

O comercio podía ser:

- **Local:** agricultores, gandeiros e artesáns vendían os seus produtos directamente no mercado.
- **Marítimo:** consistía na recepción e no envío de produtos ás colonias. Tratábase dunha actividade moi lucrativa, xa que o Estado cobraba numerosos impostos por pasar as mercadorías polos seus portos.

Para os pagamentos, os antigos gregos trocaban produtos ou pagaban con **moedas** de prata.



Vasilla decorada cunha escena da vida cotiá: dúas mulleres lavando a roupa.



Sabías que...?

A vestimenta dos gregos era moi sinxela, constaba de dúas pezas fundamentais: **oquitión** (túnica) e o **himatión** (manto).

A túnica empregada pola maioría da poboación grega adoitaba ser curta e cinguida á cintura. Con todo, os nobres, os filósofos e as mulleres levábana longa. As pezas podían ser de liño, de la ou de seda, e acostumaban adornarse con bordados moi sobrios. Igual de sobria era a cor, xa que a maioría das túnicas eran brancas e tiñan pequenos adornos en cor verde ou vermella.

Sobre a túnica aparecía un manto, que se levaba sobre o ombro esquerdo e deixaba a túnica da parte dereita do corpo ao descuberto. En ocasións especiais, o conxunto ía acompañado dunha capa que se abrochaba cunha fíbula sobre o ombro dereito.

Nas épocas de máis frío, empregaban **píleos** (gorros) ou **pétasos** (sombreiros de ás).

O calzado típico era a sandalia, denominada **carbatina**.

Se queres saber máis, podes consultar a [ligazón](#) seguinte.

A cultura grega

O culto á razón

Os gregos trataron de explicar o mundo no que vivían mediante a razón. Isto levou ao nacemento e ao desenvolvemento da **filosofía**, da man de pensadores coma Sócrates, Platón ou Aristóteles.

Esta sociedade tamén cultivou a **literatura**, sobre todo, o teatro. Dentro deste xénero

son salientables traxedias coma as de Esquilo, Sófocles e Eurípides; ou as comedias de Aristófanes. Tamén foi importante a poesía épica; as primeiras obras coñecidas son *A Ilíada* e *A Odisea*, de Homero.

No ámbito científico, destacaron nos campos seguintes: as **Matemáticas**, grazas ao traballo de persoeiros coma Pitágoras; a **Física**, con Arquímedes; a **Medicina**, con Hipócrates; e a **Historia**, con Herodoto ou Tucídides.

O culto aos deuses

Os gregos eran **politeístas** e os seus deuses eran antropomorfos. Esta forma humana non lles impedía ser inmortais e ter poderes sobrenaturais, mesmo lles podían transmitir mensaxes aos gregos a través dos **oráculos** ou adiviños, que predicían o futuro examinando o voo dos paxaros, as vísceras dalgúns animais ou os fenómenos naturais.

A mitoloxía grega afirma que os deuses vivían no monte Olimpo. Os habitantes da cidade organizaban cada catro anos competicións deportivas na súa honra a través dos Xogos Olímpicos. Tamén lles rendían culto nos templos, onde oraban e lles ofrecían sacrificios.

Os gregos tamén crían na existencia de **heroes**, fillos dun deus e dun humano. O heroe grego máis coñecido foi Hércules.

Estes son os deuses máis importantes do panteón grego:



Os principais deuses, deusas e heroes gregos.

O culto ao corpo. O deporte

O culto ao corpo foi de enorme importancia para a cultura grega; de feito, son os gregos os que realizan a afirmación *mens sana in corpore sano* ("mente sa nun corpo san"). A consecuencia deste pensamento, entre outras, foi a práctica deportiva diaria como parte do sistema educativo.

Por iso non é de estrañar que fose na antiga Grecia onde naceron os Xogos Olímpicos. Orixináronse no ano 776 a. C. e foron unha das festas máis importante do país, non só coma práctica deportiva senón tamén coma acto de honra aos deuses. Nestas probas deportivas podían participar tanto homes coma mulleres aínda que na realidade predominaban os primeiros.

O programa dos xogos consistía en pasar por diferentes probas, tales coma: carreira, salto, lanzamento de disco e xavelina, loita, boxeo, pancracio, carreiras de carros e cabalos, etc. Outra razón da súa importancia reside en que foron quen de xuntar polis enfrontadas, que loitaban pacificamente nestas competicións co único premio do recoñecemento dos asistentes.

A arte


A arte grega baséase en dous principios fundamentais: a beleza e o equilibrio.

Arquitectura

As principais obras arquitectónicas gregas eran os templos e os edificios públicos. Todas compartían as características seguintes:

- Era unha estrutura **arquitrabada**, non usaron nin o arco nin a bóveda, senón que combinaron elementos verticais (columnas) con horizontais (linteis ou arquitrabes). Isto fai que a maioría das construcións sexan rectangulares e estean rodeadas por columnas para soste o teitume.
- **Harmonía e beleza.** Isto fai que se creen diferentes ordes arquitectónicas:
 - **a dórica:** non ten base e o fuste ten arestas moi marcadas.
 - **a xónica:** ten base e o seu chapitel está decorado con volutas.


- **a corintia:** ten base e o seu chapitel está decorado cunha especie de follas de acanto.



Os templos constaban de tres partes fundamentais:

- **Naos:** sala principal e central onde se resgardaba a estatua da divindade.
- **Pronaos:** vestíbulo dun templo.
- **Opistodomo:** lugar no que se depositaban as ofrendas realizadas polos fieis.

O templo grego



Escultura


A escultura grega centrábase na representación do ser humano de maneira idealizada. A escultura grega evolucionou moito ao longo do tempo:

- **Época arcaica** (séculos VIII-VI a. C.): represéntanse figuras ríxidas (postura hierática), cos brazos pegados ao corpo. Os seus rostros son inexpresivos, cun sorriso chamado arcaico, e os ollos son grandes e con forma de améndoa. Os seus peiteados presentan formas xeométricas.
- **Época clásica** (séculos V-IV a. C.): represéntanse sobre todo atletas espidos de corpos perfectos. O seu rostro é inexpresivo aínda que se pretende transmitir movemento. Os escultores máis famosos son Lisipo, Escopas e Praxíteles. Ao longo do século IV a. C., a escultura evoluciona e ten maior expresividade e movemento; o seu máximo representante é Praxíteles.
- **Época helenística** (séculos III-I a. C.): centrouse na representación de figuras moi expresivas; nas súas caras pódese ver a dor, o esforzo... Xa non só se representa a beleza senón que tamén se busca impresionar o público.



Cerámica

Inicialmente, a cerámica adoitaba decorarse con motivos xeométricos, vexetais, ou coa representación de animais mitolóxicos e fantásticos. Posteriormente, decorouse con escenas da vida cotiá e empregáronse fundamentalmente dúas cores: a vermella e a negra. As pezas de cerámica máis elaboradas foron as **ánforas**, para almacenar viño ou aceite; as **cráteras**, para mesturar auga e viño; e os **alabastróns**, para gardar perfumes.



Sabías que...?

O escultor máis famoso da Grecia Clásica foi **Fidias**. El conseguiu atopar a harmonía na escultura e levala ao seu máximo esplendor. De feito, lembrás a obsesión que Pericles tivo por facer de Atenas a cidade por excelencia e que contratou aos mellores artistas de Atenas? Pois Fidias foi o seu máximo protexido.

El encargouse de facer as esculturas e relevos do **Partenón** e de varias das esculturas que alí había.

Unha das súas obras principais é **Atenea Partenos**, cuxo orixinal non se conserva, pero si a súa copia.

Entre as súas obras destaca tamén **Atenea Lemnia**, que foi modelo para as futuras esculturas pola súa capacidade de evitar o hieratismo e pola suavidade do seu rostro e das curvas do seu vestido, cuxos pliegues caen de xeito moi delicado. A orixinal era de bronce, pero só conservamos a copia romana de mármore.



Parte do friso do Partenón. Fidias.

Actividades

1. Explica as diferenzas entre:
 - Cidadán e non cidadán.

2. Explica as diferenzas entre:

- Deus e heroe.


3. Explica as diferenzas entre:

- Filosofía e relixión.

4. Identifica o edificio e completa a ficha correspondente:

- Nome.

- Época.
- Localización.
- A quen se lle dedica?
- Finalidade.
- Material.
- Orde.
- Partes.



5. Relaciona cada disciplina cun dos seus máximos representantes.

Traxedia

Hipócrates

Historia
Filosofía
Poesía
Matemáticas
Comedia
Medicina

Platón
Herodoto
Pitágoras
Aristófanes
Eurípides
Homero

6. Sinala se as afirmacións seguintes son verdadeiras ou falsas.

a. Os gregos eran politeístas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

b. Os deuses tiñan forma de animais.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

c. Nos Xogos Olímpicos honrábanse aos arcontes.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

d. Os oráculos eran os encargados de predicir o futuro; para iso, observaban o voo dos paxaros ou as vísceras de determinados animais.

- ☐ Verdadeiro





Falso

Ao peche

Que aprendiches?

1. Completa o esquema e valora o teu traballo.





Avalíate

Amosámosche deseguido algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada unha delas.

2. Relaciona as seguintes rexións, cidades e mares.



___ Esparta	___ Delos	___ Creta
___ Illas Xónicas	___ Troia	___ Tebas
___ Atenas	___ Corintio	___ mar Exeo

3. Ordena cronolóxicamente os feitos seguintes:

___ Civilización minoica	___ Época escura
___ Civilización micénica	___ Guerras médicas
___ Alexandre Magno	___ Época helenística
___ Guerras do Peloponeso	___ Época clásica
___ Época arcaica	___ Colonizacións

4. Elixe a resposta axeitada:

a. O palacio máis famoso da cultura cretense é...

- ☐ ... Cnossos.
- ☐ ... Delfos.
- ... Micénico.

☐☐

... Argos.

- b. O imperio creado polos aqueos na península do Peloponeso chámase...

☐

... micénico.

☐

... cretense.

☐

... ateniense.

☐

... minoico.

- c. O gobernante ateniense que implantou a democracia chamouse...

☐

... Tucídides.

☐

... Clístenes.

☐

... Solón.

☐

... Pericles.

5. Elixe a resposta axeitada:

- a. Tras as Guerras Médicas, Atenas e Esparta enfrontáronse na Guerras do Peloponeso, que gañou...

☐

... Atenas

☐

... Esparta

☐

Gañaron as dúas, mediante un acordo para gobernar conxuntamente.

☐

Nunca loitaron entre eles.

- b. Alexandre Magno conquistou...

☐

... o Imperio Romano.

☐

... o Imperio Persa.

☐

... o Imperio Chinés.

☐ Ningunha das anteriores é correcta.

6. Relaciona cada característica coa súa cidade correspondente.

Democracia		▼	Filosofía		▼
Sociedade militar		▼	Oligarquía		▼
Arte harmónica		▼	Pouca liberdade individual		▼

7. Relaciona cada concepto coa súa definición.

Éforos	Estaba formado polos anciáns das familias máis poderosas e tamén polos dous reis.
Ekklesía	Son os encargados de poñer en funcionamento as decisións da xerusía.
Xerusía	Reuníanse de maneira periódica para votar as leis, controlar os orzamentos, elixir os gobernantes e decretar a guerra ou a paz.

8. Sinala as características principais da democracia grega.

- ☐ Calquera cidadán pode ser elixido para desempeñar un cargo público
- ☐ Calquera muller de Grecia ou das súas colonias pode ser elixida para desempeñar un cargo público.
- ☐ É un sistema de goberno limitado.

- ☐ Propoñía a liberdade de prensa.
- ☐ As institucións principais do goberno democrático eran: a ekklesía, os maxistrados, o Bulé e a heliea.
- ☐ Perseguí a igualdade ante a lei de todos os habitantes do seu territorio.
- ☐ As institucións principais do goberno democrático eran: os maxistrados, a apella e o Consello de anciáns

9. Relaciona cada deus co ámbito do que se ocupa.

Hera	Lume
Poseidón	Caza
Apolo	Guerra
Afrodita	Amor
Ares	Beleza
Artemisa	Familia
Hefesto	Mar

10. Escolle a resposta axeitada.

a. Cal era a finalidade do templo?

- ☐ Honrar os deuses.
- ☐ Xulgar os acusados dun delito.
- ☐ Celebrar reunións relacionadas coa vida política da cidade.

b. Onde se atopaban os templos?

- ☐ Na ágora.

☐ Na acrópole.

☐ No oráculo.

c. Como se denominan os chanzos sobre os que está asentado o templo?

☐ Frontón.

☐ Tímpano.

☐ Estilóbata.

d. Que características presenta a arquitectura grega?

☐ É arquiteada, rectangular e presenta columnas como elemento de sostemento do teitume.

☐ É abovedada, rectangular e presenta columnas como elemento de sostemento do teitume.

☐ É arquiteada, rectangular e usa o estilóbata para soste o teitume.

11. Sinala se as afirmacións seguintes son verdadeiras ou falsas.

a. Os gregos utilizaban a madeira como material para realizar as súas esculturas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

b. Os escultores gregos trataban de buscar nas súas obras a perfección e a harmonía.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

c. A escultura arcaica caracterízase por representar figuras estáticas como as koré.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

d. A escultura helenística buscaba o movemento e a expresión de sentimentos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

e. Entre os máximos representantes da escultura clásica atópanse Arquímedes e Platón.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Reforza

12. Completa o texto seguinte:

A antiga Grecia estaba formada por: a península _____, a do Peloponeso e por numerosas illas nos mares _____, _____ e _____.

Os antecedentes de Grecia hai que situalos na civilización micénica ou _____ e na civilización _____. Na época escura, as _____ eran pequenas cidades Estado con goberno e territorio propios. A historia de Grecia divídese en períodos: _____, _____ e _____.

13. Relaciona as características seguintes coa etapa que lles corresponda.

Época arcaica	Formación dun grande imperio, Filipo II.
Época helenística	Guerras Médicas, Guerras do Peloponeso.
Época clásica	Creación das polis, expansión polo mar Mediterráneo.

14. Relaciona cada concepto coa súa definición.

Orde dórica	Ten base e o seu chapitel está decorado cunha especie de follas de acanto.
Orde corintia	Ten base e o seu chapitel está decorado con volutas.
Escultura clásica	Realista e equilibrada.
Escultura arcaica	Estática e figura esquemática.

15. Sinala se as afirmacións seguintes son verdadeiras ou falsas.

a. Alexandre Magno foi un rei persa.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

b. Os filósofos gregos intentaban explicar o mundo a través da relixión.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

c. Homero escribiu *A Odisea*.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

d. Hércules é un heroe e non un deus.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

16. Elixe a resposta correcta.

a. Que cidadáns gregos non tiñan dereitos políticos?

☐ Os estranxeiros.

☐ As mulleres.

☐ Ambas respostas son correctas.

b. Onde se atopaban os templos?

☐ Na ágora.

☐ Na acrópole.

☐ No oráculo.

c. En Grecia...

☐ ... naceu o teatro.

☐ ... naceron os Xogos Olímpicos.

☐ Ambas respostas son correctas.

17. Elixe a resposta correcta.

a. A acrópole era...

- ☐ ... un templo.
- ☐ ... un lugar de refuxio e oración.
- ☐ ... a praza principal da cidade.

b. Os gregos practicaban unha relixión...

- ☐ ... politeísta.
- ☐ ... monoteísta.
- ☐ ... monoteísta.

c. A nova forma de pensamento dos gregos centrada no ser humano e na razón chamouse...

- ☐ ... filosofía.
- ☐ ... mitoloxía.
- ☐ ... comedia.

Amplía

18. A cultura grega influíu moito en nós e, polo tanto, tamén no noso vocabulario. Na actualidade, conservamos gran cantidade de expresións que proveñen deste momento histórico. Procura en Internet o significado e a orixe das oracións seguintes:

- Talón de Aquiles.
- Canto de serea.
- Ciclópeo.

Logo, debes buscar algún outro exemplo.

19. As mulleres atenienses apenas tiñan dereitos, non eran consideradas cidadáns e dependían dos varóns. Pero isto sucedía en toda Grecia? Cal era o papel da muller? Redacta un pequeno texto sobre esta cuestión. Pódenche axudar as ligazóns seguintes:

- [A muller na antiga Grecia.](#)
- [A muller en Atenas.](#)

Actividade de síntese

20. Escolle unha escultura grega e cubre a ficha seguinte no teu caderno:

Nome:	...
Autor:	...
Época:	...
Características da época na que se fixo:	...
Material:	...
Figura ou grupo escultórico:	...
Posición da figura:	(estática ou en movemento)
Expresión do rostro:	(sereno, trágico, deformado, alegre, indiferente...)
Tema da obra:	...

Galería de imaxes



Palacio de Knossos




A porta dos leões, en Mecenás



Ágora e Acrópolis, en Atenas



Expansión de Grecia



Koloterion



Representación de soldados na batalla




Estatua de Carlomagno




Mulleres gregas



Algúns deuses do Panteón



As tres ordes arquitectónicas



Partes dun templo grego



O Partenón, en Atenas

Glosario

Acrópole

Nome que recibe a parte máis alta dunha cidade grega, onde se localizan os edificios e os espazos máis representativos (por exemplo, os templos).

Ágora

Praza situada no centro da cidade, onde se celebraban as reunións sociais para discutir todo o referido aos habitantes da polis. Aquí tamén se realizaban actividades económicas e relixiosas.

Alexandre Magno

Rei de Macedonia entre os anos 356 e 323 a. C. Grazas ás súas conquistas militares, conseguiu formar un dos imperios máis extensos da Historia.

Antropomórfico

Adxectivo que define un obxecto que presenta forma humana.

Arcontes

Nome que reciben os nove maxistrados elixidos anualmente por sorteo. Ocupábanse de asuntos relacionados coa política interior e coa relixión oficial.

Bulé

Institución da antiga Grecia formada por 500 membros maiores de 30 anos, elixidos por sorteo na ekklesía. A súa función era lexislativa.

Civilización micénica

Pobo que dominou a Grecia continental e fundou importantes cidades coma Micenas, Argos ou Tirinto.

Civilización minoica

Pobo sobre o que asentou as súas bases a civilización grega. Destacou pola súa actividade marítima e comercial.

Clístenes (segunda metade do século VI a. C.)

Personaxe de gran relevancia en Atenas porque asentou un sistema democrático e conseguiu derrocar a tiranía.

Colonia

Asentamento creado polos habitantes dunha polis nun territorio afastado dela, pero no que se mantiña a súa organización social, política, económica e relixiosa.

Democracia

Termo que nace en Atenas no século V a. C. para designar o réxime político no que a cidadanía participa na vida política.

Dorios

Pobos procedentes do norte, que se asentaron en terras gregas cara ao ano 1200 a. C.

Ekklesía

Asemblea ateniense na que participaban todos os cidadáns. A súa función era a de facer leis, controlar os maxistrados, e declarar a paz ou a guerra.

Época escura

Termo co que se designa o período anterior ao nacemento da civilización grega da época arcaica (séculos XII-IX a. C.). Desta época consérvanse moi poucos restos.

Estrategos

Maxistrados atenienses, nomeados anualmente pola asemblea, que se encargaban de dirixir o exército e a frota.

Mitoloxía

Historia fabulosa na que os protagonistas son heroes e/ou deuses.

Olimpo

Monte sagrado onde seica vivían os deuses.

Peloponeso

Península situada ao sur de Grecia.

Pericles (495-429 a. C.)

Estratego e posterior gobernante de Atenas. Con el consolidouse o sistema democrático.

Platón

Filósofo ateniense do século V.

Polis

Cidade Estado grega, autogobernada polos seus habitantes. Posuía leis propias e autonomía. Xeralmente, estaba formada por un núcleo urbano e por un territorio rural.

Xerusía

Consello de Anciáns de Esparta. A Xerusía estaba composta por 28 membros, de máis de 60 anos, procedentes de familias nobres e dos reis.

Ligazóns

A acrópole de Atenas

<http://safeshare.tv/v/ss564642f934fb5>

A educación espartana

<http://www.escuelapedia.com/educacion-espartana/>

O sistema educativo espartano

<https://mirincondelabahia.wordpress.com/2012/03/28/historia-de-esparta-el-sistema-educativo-espartano-agogue/>

Batallas de Alexandre Magno

https://es.wikipedia.org/wiki/Categor%C3%ADa:Batallas_de_Alejandro_Magno

A vestimenta grega

<http://www.laguia2000.com/edad-antigua/la-vestimenta-griega>

A muller na antiga Grecia

https://es.wikipedia.org/wiki/La_mujer_en_la_Antigua_Grecia

A muller en Atenas

http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/2_publico/espb161ca4.php?PHPSESSID=26c95bdeb7e6ab108b86fdc7c9b07363

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autora dos contidos: Araceli Freire Cedeira.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-18513-21-3